



PARLAMENTO
DE GALICIA



BOLETÍN OFICIAL DO PARLAMENTO DE GALICIA

XI lexislatura
Número 47
14 de novembro de 2020



CSV: BOPGDSPGsdQpOkDXa1N3
Verificación:
<https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/>



SUMARIO

1. Procedementos parlamentarios

1.3. Procedementos de control e impulso

1.3.5. Mocións

1.3.5.4. Mocións tramitadas

Aprobación con modificacións

4110 (11/MOC-000007)

Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego

Prado Cores, María Montserrat

Sobre as actuacións que debe levar a cabo o Goberno para garantir a asistencia sanitaria á cidadanía. (Moción consecuencia da Interpelación nº 1686, publicada no BOPG nº 15, do 16.09.2020, e debatida na sesión plenaria do 20.10.2020) [16243](#)

4158 (11/MOC-000009)

Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego

Bará Torres, Xosé Luís

Sobre as actuacións que debe levar a cabo o Goberno galego e as demandas que debe realizar ao Goberno central en relación coa distribución das transferencias non finalistas aos concellos e as necesidades derivadas da crise da covid-19. (Moción, a consecuencia da Interpelación nº 2246, publicada no BOPG nº 23, do 30.09.2020, e debatida na sesión plenaria do 20.10.2020) [16244](#)

Aprobación por unanimidade sen modificacións

4148 (11/MOC-000008)

Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia

Torrado Quintela, Julio

Sobre as actuacións que debe levar a cabo o Goberno galego en relación coa formación e contratación de persoal para o sistema sanitario público de Galicia. (Moción, a consecuencia da Interpelación nº 2817, publicada no BOPG nº 27, do 07.10.2020, e debatida na sesión plenaria do 20.10.2020) [16244](#)

1.3.6. Proposicións non de lei

1.3.6.1. Proposicións non de lei en Pleno

1.3.6.1.4. Proposicións tramitadas

Aprobación sen modificacións

3737 (11/PNP-000412)

Grupo Parlamentario Popular de Galicia

Rodeiro Tato, Ovidio e 6 máis



Sobre a posición do Parlamento de Galicia en relación coa rebaixa, polo Ministerio de Educación, a través do Real decreto lei 31/2020, do nivel e dos requisitos para que un alumno aprobe, promoción ou titule no curso 2020-2021 con independencia do número de materias suspensas

[16245](#)

Aprobación con modificacións

I 3945 (11/PNP-000436)

Grupo Parlamentario Popular de Galicia

Amigo Díaz, María Encarnación e 6 máis

Sobre a elaboración pola Xunta de Galicia, no marco do futuro plan galego de oncoloxía, dunha estratexia de medicina personalizada e terapia celular avanzada, así como a posta en marcha en Galicia dun centro de terapia CAR-T

[16246](#)

Aprobación por unanimidade con modificacións

I 2796 (11/PNP-000285)

Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego

Bará Torres, Xosé Luís e 3 máis

Sobre as actuacións que debe levar a cabo o Goberno galego e as demandas que debe realizar ao Goberno central en relación coa liña ferroviaria Vigo-O Porto

[16246](#)

Aprobación por unanimidade sen modificacións

I 3973 (11/PNP-000441)

Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia

Francisco Rivera, Juan Carlos e 2 máis

Sobre o establecemento polo Goberno galego dun plan de axudas directas a fondo perdido dirixido a paliar o impacto económico da covid-19 no sector da hostalaría en Galicia

[16247](#)

Rexeitamento da iniciativa

I 2552 (11/PNP-000254)

Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia

Rodríguez Rumbo, Matilde Begoña e 2 máis

Sobre as actuacións que debe levar a cabo o Goberno galego en relación coa participación da Xunta de Galicia no financiamento dos concellos, o incremento do Fondo de Cooperación Local e o establecemento no ano 2020 dos criterios de distribución das subvencións ás entidades locais

[16248](#)

I 3878 (11/PNP-000427)

Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego

Presas Bergantiños, Noa e 2 máis

Sobre a posición que debe defender o Goberno galego diante do Goberno central e das institucións europeas en relación coa distribución dos fondos europeos para afrontar a crise da covid-19

[16248](#)



1.3.6.2. Proposicións non de lei en Comisión

1.3.6.2.4. Proposicións tramitadas

COMISIÓN 8ª, PESCA E MARISQUEO

Aprobación por unanimidade sen modificacións

1 1856 (11/PNC-000178)

Grupo Parlamentario Popular de Galicia

Pazos Couñago, José Alberto e sete deputados/as máis

Sobre as demandas que debe realizar o Goberno galego ao Goberno central para o aumento das cotas de pesca do bonito no Atlántico norte, así como para o alongamento da duración e rendibilidade económica da campaña desta especie [16249](#)

1 3088 (11/PNC-000349)

Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia

Otero Rodríguez, Patricia e Torrado Quintela, Julio

Sobre as actuacións que debe levar a cabo o Goberno galego en relación coa baixada que rexistran as capturas de polbo en Galicia [16249](#)

1 3569 (11/PNC-000405)

Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego

Pérez Fernández, Rosana e dous deputados/as máis

Sobre as actuacións que debe levar a cabo o Goberno galego en relación cos medios existentes para combater os riscos de contaminación mariña, así como a orixe e consecuencias da vertedura producida o día 13 de outubro na ría de Arousa [16249](#)

Rexeitamento da iniciativa

1 4040 (11/PNC-000472)

Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia

Gallego Sanromán, María Leticia e tres deputados/as máis

Sobre a actuación que debe levar a cabo o Goberno galego co fin de posibilitar o axeitado desenvolvemento da Feira Internacional de Produtos do Mar Conxelados (Conxemar), nas instalacións do Instituto Feiral de Vigo [16250](#)

2. Elección e composición do Parlamento, réxime e goberno interior, organización e funcionamento

2.3. Réxime e goberno interior

2.3.2. Acordos e resolucións dos órganos da Cámara en materia de réxime e goberno interior

1 Acordo da Mesa do Parlamento de Galicia, do 3 de novembro de 2020, de prórroga do Acordo da Mesa da Cámara do 13 de outubro de 2020 polo que se habilita a presenza, o voto delegado o os ais sistemas previstos para a participación nas sesións parlamentarias [16250](#)



O Pleno do Parlamento, na sesión do 10 de novembro de 2020, adoptou os seguintes acordos:

1. Procedementos parlamentarios

1.3. Procedementos de control e impulso

1.3.5. Mocións

1.3.5.4. Mocións tramitadas

Aprobación con modificacións

- 4110 (11/MOC-000007)

Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego

Prado Cores, María Montserrat

Sobre as actuacións que debe levar a cabo o Goberno para garantir a asistencia sanitaria á cidadanía. (Moción consecuencia da Interpelación nº 1686, publicada no BOPG nº 15, do 16.09.2020, e debatida na sesión plenaria do 20.10.2020)

BOPG nº 36, do 28.10.2020

Sométese a votación por puntos é o resultado é o seguinte:

Puntos 1, 4, 5, 6 e 9: aprobados pola unanimidade dos 72 deputados e deputadas presentes.

Puntos 2, 3, 7 e 8: rexeitados por 32 votos a favor e 40 votos en contra.

O texto aprobado é o seguinte:

«O Parlamento de Galicia insta o Goberno galego a:

1. Presentar de inmediato no Parlamento un plan de continxencia para garantir a asistencia sanitaria dos galegos e galegas tanto na atención primaria como na hospitalaria nos vindeiros meses diante do previsible aumento da demanda asistencial derivada tanto da covid-19 como dos gromos de gripe e enfermidades respiratorias estacionais.

2. Minimizar os riscos de contaxio dos traballadores e traballadoras, facilitándolles a todos e todas as que traballan en contacto directo cos doentes os materiais de protección axeitados ao nivel de risco (máscaras de protección respiratoria FFP2 en combinación co resto de medidas de protección).

3. Activar a atención presencial en atención primaria para dar resposta ás demandas de atención pola covid-19, mais tamén ao resto das patoloxías, e rematar coas listas de espera neste nivel asistencial, co persoal e as medidas de prevención de contaxios precisos, para garantir unha atención sanitaria digna á poboación. Establecer protocolos claros e unificados.

4. Garantir a atención telefónica sen demoras, co aumento e mellora da rede, dotación do número de profesionais precisos para responder ao aumento exponencial da demanda.

5. Presentar un informe no Parlamento no que se expliciten os detalles da colaboración da Consellería de Sanidade co Colexio de Farmacéuticos de Ourense polo que en farmacias desta provincia



se procedeu á realización de tests rápidos de antíxenos á poboación que o demande, así como dos test usados (data de compra, provedor, número de doses, custo...).»

- 4158 (11/MOC-000009)

Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego

Bará Torres, Xosé Luís

Sobre as actuacións que debe levar a cabo o Goberno galego e as demandas que debe realizar ao Goberno central en relación coa distribución das transferencias non finalistas aos concellos e as necesidades derivadas da crise da covid-19. (Moción, a consecuencia da Interpelación nº 2246, publicada no BOPG nº 23, do 30.09.2020, e debatida na sesión plenaria do 20.10.2020)

BOPG nº 36, do 28.10.2020

Sométese a votación por puntos é o resultado é o seguinte:

Punto 8, aprobado con modificacións pola unanimidade dos 72 deputados e deputadas presentes.

Restantes puntos, rexeitados por 32 votos a favor e 40 votos en contra.

O texto aprobado é o seguinte:

«O Parlamento galego insta a Xunta de Galicia a reclamar do Goberno do Estado que:

— Habilite de maneira inmediata un fondo extraordinario para as entidades locais que garanta facer fronte ás necesidades derivadas da crise da covid-19.

— Adopte fórmulas para compensar as perdas na liquidación definitiva da PIE (efectoSII) cuantificada no caso das entidades locais galegas en máis de 50 millóns de euros.

— Na liña do acordo adoptado polo Congreso, flexibilice a disposición da totalidade dos remanentes de tesouraría das entidades locais de maneira que se poidan destinar a gastos non financeiros e a calquera investimento que redunde en beneficio da veciñanza.

— Modifique a lexislación en materia de estabilidade financeira que afecta as entidades locais (flexibilización da regra de gasto, regulación e límites do endebedamento local e outras cuestións relativas a esta normativa), en consonancia cos acordos adoptados na Asemblea Xeral da FEGAMP do 29 de novembro de 2019.»

Aprobación por unanimidade sen modificacións

- 4148 (11/MOC-000008)

Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia

Torrado Quintela, Julio

Sobre as actuacións que debe levar a cabo o Goberno galego en relación coa formación e contratación de persoal para o sistema sanitario público de Galicia. (Moción, a consecuencia da Interpelación nº 2817, publicada no BOPG nº 27, do 07.10.2020, e debatida na sesión plenaria do 20.10.2020)

BOPG nº 36, do 28.10.2020



Sométese a votación e resulta aprobada, sen modificacións respecto do texto orixinal, pola unanimidade dos 72 deputados e deputadas presentes.

O texto aprobado é o seguinte:

«O Parlamento galego insta a Xunta de Galicia a:

1. Apoiar todas as iniciativas e accións institucionais que faciliten a posta en marcha da medida de eliminación da taxa de reposición que foi promovida dende a Comisión de Reconstrución do Congreso dos Deputados, e comprometer un programa de contratación de persoal para o sistema sanitario público de Galicia que, unha vez que se elimine a dita taxa, recupere nun prazo de 3 anos todas as prazas que non puideron ser convocadas por esa limitación.
2. Convocar todas as prazas MIR habilitadas para o sistema sanitario público de Galicia naquelas especialidades deficitarias en termos de persoal e instar o Ministerio de Sanidade a que dea cumprimento aos acordos do Consello Interterritorial do Sistema Nacional de Saúde do 28 de abril de 2018 relacionados coa axilización e flexibilización das acreditacións de unidades docentes, en particular nas especialidades que se teñen declarado maioritariamente deficitarias como Medicina de Familia, Pediatría e as súas áreas específicas.
3. Avaliar coa Facultade de Medicina da USC a posible necesidade de formar máis estudantes de medicina nos vindeiros anos, coa dotación dos medios necesarios para facelo.
4. Ampliar o tempo medio de contratación de persoal eventual ata o máximo posible, especialmente no correspondente ás prazas de enfermaría, para dotar de maior estabilidade o persoal.
5. Realizar un informe, no prazo dun mes, que avalíe a necesidade de contratar persoal ao abeiro de todas as modificacións normativas que se faciliten dende o Goberno de España para os recursos humanos do sistema sanitario, e incluír as propostas que dende Galicia se consideren de relevancia.
6. Entregar un informe de contabilización do persoal do sistema público de Galicia que recolla o número de profesionais estatutarios nos anos 2019 e 2020, e o volume de contratacións extraordinarias realizadas durante o ano 2019 e 2020, especificando a aplicación orzamentaria utilizada para facelas, e distribuídas por categoría profesional e EOXI.»

1.3.6. Proposicións non de lei

1.3.6.1. Proposicións non de lei en Pleno

1.3.6.1.4. Proposicións tramitadas

Aprobación sen modificacións

- 3737 (11/PNP-000412)

Grupo Parlamentario Popular de Galicia

Rodeiro Tato, Ovidio e 6 máis



Sobre a posición do Parlamento de Galicia en relación coa rebaixa, polo Ministerio de Educación, a través do Real decreto lei 31/2020, do nivel e dos requisitos para que un alumno aprobe, promoción ou titule no curso 2020-2021 con independencia do número de materias suspensas
BOPG nº 36, do 28.10.2020

Sométese a votación e resulta aprobada sen modificacións por 40 votos a favor, 32 votos en contra e ningunha abstención.

O texto aprobado é o seguinte:

«O Parlamento de Galicia declara a súa posición contraria a que, a través dun Real decreto lei que ignora o previsto na normativa orgánica de educación e que non foi pactado coas comunidades autónomas, o Ministerio de Educación decida rebaixar o nivel e os requisitos para que un alumno aprobe, promocione ou titule no curso 2020-21 con independencia do número de materias suspensas; ao entenderse que esta medida non é acorde coa situación actual dos sistema educativo, suprime a función da educación como xeradora de igualdade de oportunidades no alumnado.»

Aprobación con modificacións

- 3945 (11/PNP-000436)

Grupo Parlamentario Popular de Galicia

Amigo Díaz, María Encarnación e 6 máis

Sobre a elaboración pola Xunta de Galicia, no marco do futuro plan galego de oncoloxía, dunha estratexia de medicina personalizada e terapia celular avanzada, así como a posta en marcha en Galicia dun centro de terapia CAR-T

BOPG nº 36, do 28.10.2020

Sométese a votación e resulta aprobada, con modificacións respecto do texto orixinal, por 53 votos a favor, ningún en contra e 19 abstencións.

O texto aprobado é o seguinte:

«O Parlamento de Galicia insta a Xunta de Galicia a que, no marco do seu futuro Plan galego de oncoloxía, elabore unha estratexia de medicina personalizada e terapia celular avanzada e poña en marcha un centro de terapia CAR-T en Galicia, intensificando o apoio para que o desenvolvemento integral do proceso de terapia CAR-T se realice de maneira completa no sistema público de Galicia.»

Aprobación por unanimidade con modificacións

- 2796 (11/PNP-000285)

Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego

Bará Torres, Xosé Luís e 3 máis

Sobre as actuacións que debe levar a cabo o Goberno galego e as demandas que debe realizar ao Goberno central en relación coa liña ferroviaria Vigo-O Porto

BOPG nº 27, do 07.10.2020



Sométese a votación o texto transaccionado e resulta aprobada, con modificacións respecto do texto orixinal, pola unanimidade dos 72 deputados e deputadas presentes.

O texto aprobado é o seguinte:

«O Parlamento de Galicia insta o Goberno galego a:

1. Incluír na axenda poscovid a modernización da liña ferroviaria Vigo-Porto e a súa consideración como proxecto estratéxico e prioritario para a Eurorrexión, co obxectivo de contar cun tren competitivo, moderno e rápido que garanta a mobilidade sustentable e segura. Con este obxectivo, o goberno galego impulsará, diante dos gobernos español e portugués, as seguintes actuacións:

— A modernización da liña ferroviaria, entendida como traxecto de media distancia que dá continuidade ao eixo A Coruña-Vigo.

— A redacción dun estudo do conxunto da rede ferroviaria da área metropolitana de Vigo para a súa vertebración.

— Impulsar a inclusión do tramo Vigo-Porto na rede básica TEN-T do Corredor Atlántico Ferroviario de Mercadorías.

— Impulsar a aprobación do proxecto da saída sur de Vigo e a súa construción.

— Estudar e aprobar unha alternativa ao paso da vía férrea polo centro da vila do Porriño.

— Completar a electrificación da vía, nunhas condicións homoxéneas a ambos os lados do Miño.

— Mellorar as condicións de seguranza do trazado e suprimir os pasos a nivel.

2. Demandar ao Goberno do Estado, na medida en que a situación sanitaria o permita, o incremento da oferta de servizos e mellora da combinación de horarios no traxecto Vigo-Porto.

3. Reclamar do Goberno do Estado que transitoriamente acometa a modernización dos vehículos que circulan pola liña Vigo-Porto.

4. Solicitar ao Goberno español o acordo coa Xunta de Galicia das fases e os prazos de execución da modernización da infraestrutura entre Vigo e o Miño, así como da saída sur de Vigo; co obxectivo de que a conexión entre Vigo e Porto nunha duración de menos dunha hora, sexa unha realidade no ano 2030, en consonancia cos prazos marcados polo Goberno portugués.»

Aprobación por unanimidade sen modificacións

- 3973 (11/PNP-000441)

Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia

Francisco Rivera, Juan Carlos e 2 máis



Sobre o establecemento polo Goberno galego dun plan de axudas directas a fondo perdido dirixido a paliar o impacto económico da covid-19 no sector da hostalaría en Galicia
BOPG nº 36, do 28.10.2020

Sométese a votación e resulta aprobada sen modificacións pola unanimidade dos 71 deputados e deputadas presentes.

O texto aprobado é o seguinte:

«O Parlamento galego, dentro da súa capacidade orzamentaria e tendo en conta a marxe fiscal derivada da flexibilización das regras de déficit autorizadas polo Ministerio de Facenda, insta a Xunta de Galicia a adoptar de xeito urxente un plan de axudas directas a fondo perdido dirixidas a paliar estragos económicos que a covid-19 está a producir no sector da hostalaría en Galicia.»

Rexeitamento da iniciativa

- 2552 (11/PNP-000254)

Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia
Rodríguez Rumbo, Matilde Begoña e 2 máis

Sobre as actuacións que debe levar a cabo o Goberno galego en relación coa participación da Xunta de Galicia no financiamento dos concellos, o incremento do Fondo de Cooperación Local e o establecemento no ano 2020 dos criterios de distribución das subvencións ás entidades locais
BOPG nº 27, do 07.10.2020

Sométese a votación e resulta rexeitada por 32 votos a favor, 39 en contra e ningunha abstención.

- 3878 (11/PNP-000427)

Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego
Presas Bergantiños, Noa e 2 máis

Sobre a posición que debe defender o Goberno galego diante do Goberno central e das institucións europeas en relación coa distribución dos fondos europeos para afrontar a crise da covid-19
BOPG nº 36, do 28.10.2020

Sométese a votación e resulta rexeitada por 19 votos a favor, 40 en contra e 13 abstencións.

Santiago de Compostela, 12 de novembro de 2020
Miguel Ángel Santalices Vieira
Presidente

1.3.6.2. Proposicións non de lei en Comisión

1.3.6.2.4. Proposicións tramitadas

COMISIÓN 8ª, PESCA E MARISQUEO

A Comisión 8ª, Pesca e Marisqueo, na súa sesión do 12 de novembro de 2020, adoptou os seguintes acordos:



Aprobación por unanimidade sen modificacións

- 1856 (11/PNC-000178)

Grupo Parlamentario Popular de Galicia

Pazos Couñago, José Alberto e sete deputados/as máis

Sobre as demandas que debe realizar o Goberno galego ao Goberno central para o aumento das cotas de pesca do bonito no Atlántico norte, así como para o alongamento da duración e rendibilidade económica da campaña desta especie

BOPG nº 19, do 22.09.2020

Sométese a votación e resulta aprobada sen modificacións pola unanimidade dos 12 deputados e deputadas presentes.

O texto aprobado é o seguinte:

«O Parlamento de Galicia insta a Xunta de Galicia a dirixirse ao Goberno central para:

1. A realización de estudos que conduzan a acreditar, diante de ICES e ICCAT, o bo estado do stock de bonito do norte e, conseguintemente, a un aumento do TAC asignado a esta especie no Atlántico norte.
2. A negociación e adopción de medidas de xestión que permitan, no marco disposto por ICCAT e da normativa europea sobre TAC e cotas, poder estender a duración da campaña e a rendibilidade económica da campaña do bonito.»

- 3088 (11/PNC-000349)

Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia

Otero Rodríguez, Patricia e Torrado Quintela, Julio

Sobre as actuacións que debe levar a cabo o Goberno galego en relación coa baixada que rexistran as capturas de polbo en Galicia

BOPG nº 30, do 14.10.2020

Sométese a votación e resulta aprobada sen modificacións pola unanimidade dos 12 deputados e deputadas presentes.

O texto aprobado é o seguinte:

«O Parlamento de Galicia insta o Goberno galego a:

- 1º) Realizar un novo estudo para analizar a evolución da especie, dando traslado do seu resultado ao sector e a esta cámara.
- 2º) Elaborar un novo plan de xestión do polbo consensuado co sector, que inclúa un verdadeiro plan de recuperación desta especie.»

- 3569 (11/PNC-000405)

Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego



Pérez Fernández, Rosana e dous deputados/as máis

Sobre as actuacións que debe levar a cabo o Goberno galego en relación cos medios existentes para combater os riscos de contaminación mariña, así como a orixe e consecuencias da vertedura producida o día 13 de outubro na ría de Arousa

BOPG nº 33, do 21.10.2020

Sométese a votación e resulta aprobada sen modificacións pola unanimidade dos 12 deputados e deputadas presentes.

O texto aprobado é o seguinte:

«O Parlamento galego insta a Xunta de Galicia a contrastar os medios existentes para combater calquera risco de contaminación mariña e a levar a cabo todas as investigacións e actuacións que sexan precisas para determinar a orixe e consecuencias da vertedura producida o 13 de outubro na ría de Arousa.»

Rexeitamento da iniciativa

- 4040 (11/PNC-000472)

Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia

Gallego Sanromán, María Leticia e tres deputados/as máis

Sobre a actuación que debe levar a cabo o Goberno galego co fin de posibilitar o axeitado desenvolvemento da Feira Internacional de Produtos do Mar Conxelados (Conxemar), nas instalacións do Instituto Feiral de Vigo

BOPG nº 36, do 28.10.2020

Sométese a votación coa emenda do G. P. do Bloque Nacionalista Galego doc. núm. 5189 e resulta rexeitada por 5 votos a favor, 7 votos en contra e 0 abstencións.

Santiago de Compostela, 12 de novembro de 2020

María Montserrat Prado Cores

Vicepresidenta 2ª

2. Elección e composición do Parlamento, réxime e goberno interior, organización e funcionamento

2.3. Réxime e goberno interior

2.3.2. Acordos e resolucións dos órganos da Cámara en materia de réxime e goberno interior

Acordo da Mesa do Parlamento de Galicia, do 3 de novembro de 2020, de prórroga do Acordo da Mesa da Cámara do 13 de outubro de 2020 polo que se habilita a presenza, o voto delegado o os demais sistemas previstos para a participación nas sesións parlamentarias

Tendo en conta a situación sanitaria derivada da pandemia da covid-19, por acordo da Mesa do Parlamento de Galicia do 13 de outubro de 2020 habilitouse por un mes, desde a súa publicación



no *Boletín Oficial do Parlamento de Galicia*, a presenza, o voto delegado o os demais sistemas previstos para a participación nas sesións parlamentarias.

Debido á situación sanitaria actual, a Mesa do Parlamento de Galicia, en sesión do 3 de novembro de 2020 e co acordo favorable da Xunta de Portavoces desa mesma data, ao abeiro do disposto no artigo 84.7 do Regulamento do Parlamento (DOG núm. 204, do 8 de outubro de 2020), adopta o seguinte acordo:

1º. Prorrogar por un mes, contado desde a publicación deste acordo no *Boletín Oficial do Parlamento de Galicia*, o acordo da Mesa da Cámara do 13 de outubro de 2020 polo que se habilita a presenza, o voto delegado e os demais sistemas previstos para a participación nas sesións parlamentarias por quen non puiden asistir de forma xustificada por atoparse Galicia nunha situación de afectación grave da saúde da poboación que lle imposibilite a presenza física na sesión correspondente por comprometer a saúde das persoas.


2º. A petición, asinada por quen solicite a delegación ou participación telemática, deberá dirixirse á Mesa do Parlamento de Galicia e presentarse telematicamente no Rexistro da Cámara.

Santiago de Compostela, 4 de novembro de 2020

Diego Calvo Pouso

Vicepresidente 1º





PARLAMENTO
DE GALICIA

BOLETÍN OFICIAL DO
PARLAMENTO DE GALICIA

Edición e subscricións:

Servizo de Publicacións do Parlamento de Galicia. Hórreo, 63. 15702. Santiago de Compostela.

Telf. 981 55 13 00. Fax. 981 55 14 25

Dep. Leg. C-155-1982. ISSN 1133-2727

CSV: BOPGDSPGsdQoKdKaN3
Verificación:
<https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/>

